

Na convocatoria de matrícula do curso académico 2010/2011 establécese que, tras o remate do proceso de admisión pola CIUG, para iniciar estudos nas titulacións con límite de prazas, abrírase un prazo para os alumnos aos que non lles foi concedida praza, para que se poidan matricular en titulacións sen límite de prazas ou naquelas que tiñan límite pero que quedaron prazas vacantes.

En aplicación desta norma, e á vista da comunicación da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), do 25 de outubro de 2010 na que se indican as titulacións nas que non se cubriron todas as prazas ofertadas.


ESTA REITORIA RESOLVE:

UNICO.- Os alumnos que reúnan os requisitos para iniciar estudos poderán matricularse en calquera titulación sen límite de prazas ou nas titulacións que se indican a continuación, nas que quedaron prazas vacantes. A matrícula formalizarase a través de internet ou, cando non sexa posible, na Unidade de Xestión Académica (UXA) correspondente a cada titulación, entre os días **28 de outubro e 4 de novembro de 2010**, ámbolos dous inclusive, en horario de **9 a 14 horas**.

Código plan	Titulación	Campus	prazas
5002	Grao en Ciencias da Cultura e da Difusión Cultural	Lugo	5
5005	Grao en Enxeñaría Agrícola e do Medio Rural	Lugo	47
5007	Grao en Enxeñaría das Industrias Agroalimentarias	Lugo	75
5008	Grao en Enxeñaría en Xeomática e Topografía	Lugo	31
5009	Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Rural	Lugo	51
5010	Grao en Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais	Lugo	18

Nestas titulacións as prazas vacantes adxudicaránse por orde de matrícula ata cubrir as vacantes.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2010

O REITOR

Juan J. Casares Long